

O citado Plan expónse ao público polo prazo de vinte días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, durante os cales as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións, de tal xeito que se considerará definitivamente aprobado se durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

O acordo de aprobación do PMPDIF de Carballedo está publicado no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Carballedo: <https://carballedo.sedelectronica.es>

O PMPDIF de Carballedo está publicado na Sede Electrónica do Concello de Carballedo, no Portal de Transparencia: 8. Información e atención ao cidadán, 8.5. Situación Medio Ambiental, enlace <https://carballedo.sedelectronica.es/transparency/276cf3c8-4438-4f86-ad18-df9cdc8e8a18/> quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Carballedo, sita na Praza V. Portomeñe, 1 – A Barrela – CP 27520 – Carballedo (Lugo).

O Plan será o documento de referencia aos efectos de que os responsables cumpran coas súas obrigas de xestión da biomasa conforme ao art. 21 e no prazo previsto no art. 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

Carballedo, 4 de agosto de 2026.- O alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2133

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 961/2025

Aprobado inicialmente a Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis do Concello de Guitiriz, por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 30/07/2026, e en cumprimento do disposto nos artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a ordenanza considerarase aprobada definitivamente.

Guitiriz, 31 de xullo de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2106

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DO XIMNASIO MUNICIPAL DE GUITIRIZ. Expte. 288/2026

Aprobado inicialmente o Regulamento de Uso e Funcionamento do Ximnasio Municipal do Concello de Guitiriz, por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 30/07/2026, e en cumprimento do disposto nos artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a ordenanza considerarase aprobada definitivamente.

Guitiriz, 31 de xullo de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2107

Anuncio

MODIFICACIÓN DIA DE CELEBRACIÓN SESIÓNS ORDINARIAS DA XGL. Expte. 614/2023

A alcaldesa Presidenta do Concello de Guitiriz ditou con data 12/06/2026 resolución de modificación do día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local cuxa parte dispositiva transcríbese a continuación:

(...)

PRIMERO.- Modificar de forma temporal o día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que será todos os luns hábiles polos motivos organizativos indicados.